

## previsión informativa

### **O PROXECTO DO CESGA “ESCOLA RURAL E COMPUTACIÓN NA NUBE” PARTICIPA NO VI ENCONTRO INTERNACIONAL EDUCARED**

**Santiago de Compostela, 19/10/2011.-** [“Rural Schools & Cloud Computing”](#), o proxecto de investigación que o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) desenvolve en colaboración co Colexio Rural Agrupado Boqueixón-Vedra, foi seleccionado para participar nas actividades presenciais do **VI Encontro Internacional EducaRed**, que se celebrará os próximos días **20, 21 e 22 de outubro** en IFEMA Madrid. O xoves 20 ás 19.00 horas no Pavillón 6 de IFEMA, Maria José Rodríguez Malmierca, do Departamento de e-Learning do CESGA e coordinadora do proxecto, presentará esta experiencia de educación na nube que xa chamou a atención en varios países europeos.

[“Rural Schools & Cloud Computing”](#), resultou ser un dos proxectos premiados nos prestixiosos **Premios Internacionais Educared 2011**, financiados por Fundación Telefónica, que premian ás experiencias máis destacadas en innovación educativa con Tecnoloxías da Información e Comunicación. Seleccionado en dúas categorías como semifinalista, o proxecto do CESGA recibiu o galardón de "finalista premiado" na Modalidade A II, (escritorio virtual para alumnado de educación infantil), tras outro tres proxectos, dous españois e un arxentino.

#### **VI ENCONTRO INTERNACIONAL EDUCARED**

Baixo a lema “Actitude 2.0 Aprender é compartir”, o programa do VI Encontro Internacional EducaRed 2011, dará voz a todos os axentes externos e internos sensibilizados na mellora da educación e involucrados no proceso de cambio que estamos a vivir: docentes líderes, redes, organizacións educativas e Administracións. O programa está segmentado en bloques de interese segundo os perfís, intereses e necesidades dos asistentes, de forma que estes poden confeccionar o seu propio itinerario para participar no evento, elixindo aquelas sesións, debates, relatorios e experiencias nas que desexen participar.

#### **EDUCACIÓN NA NUBE**

Rural Schools & Cloud Computing é un proxecto de investigación cofinanciado polo CESGA e HP Labs, o laboratorio de investigación de Hewlett Packard en Pau Alto, EEUU. Conta co apoio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e os concellos de Boqueixón e de Vedra. Diseñado polos departamentos de e-Learning e sistemas do CESGA, o seu obxectivo é desenvolver e avaliar unha solución baseada en computación cloud que proporcione unha plataforma intuitiva e sinxela para apoiar a aprendizaxe e a colaboración remota á comunidade educativa das escolas rurais. O piloto levouse á práctica durante o último curso no Colexio Rural Agrupado Boqueixón-Vedra, en colaboración co a comunidade educativa do mesmo.

[“Rural Schools & Cloud Computing”](#), continúa co interese do CESGA en mellorar o acceso ás máis avanzadas solucións para potenciar a formación e o traballo colaborativo nas comunidades educativas do rural galego, caracterizadas pola dispersión da poboación e acceso limitado a recursos tecnolóxicos.

## previsión informativa

### O CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é un organismo cunha traxectoria de 18 anos. O seu obxecto é fomentar e difundir servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

Mais información:

[www.cesga.es](http://www.cesga.es)

<http://rural.cesga.es>

<http://encuentro2011.educared.org/>

<http://www.educared.org/global/premiointernacional/inicio>